



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORISTANCO

*Aprobación da convocatoria das axudas para a escolarización de menores do Concello de Coristanco para o curso 2023-204*

### ANUNCIO

Pola alcaldía do Concello de Coristanco, en data 13/09/2023, asinouse o Decreto nº 940/2023 dentro do expediente 2023/G003/000971 co seguinte contido:

### “APROBACION DA CONVOCATORIA DAS AXUDAS A ESCOLARIZACION DE MENORES DO CONCELLO DE CORISTANCO PARA O CURSO 2023-2024

#### ANTECEDENTES:

En data 30/08/2023 asinouse, por parte da Alcaldía deste concello, providencia de inicio dos trámites para a aprobación das Bases reguladoras das axudas á escolarización de menores do Concello de Coristanco para o curso 2023-2024, dentro do expediente con nº 2021/G003/000927.

Consta no expediente documento contable de retención de crédito nº 220230011732 por importe de 10.000,00 euros na partida orzamentaria 326/48101.

En data 04/09/2023 asinouse Decreto de alcaldía nº 914/2023 de Aprobación das anteditas bases reguladoras.

Consta no expediente publicación da Resolución no BOP nº 173 de data 11/09/2023.

Consta no expediente publicación da Resolución na Sede electrónica municipal en data 11/09/2023.

Tómase en consideración o recollido nos artigos 23 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 20 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tamén son de aplicación a este caso os artigos 52 e seguintes das Bases de Execución do Orzamento do Concello de Coristanco para o exercicio 2022 prorrogado para o exercicio 2023.

Vistas as facultades atribuídas á alcaldía en virtude do disposto na Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 39/2015, de 1 de outubro, sobre procedemento administrativo das administracións públicas,

#### RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria das axudas á escolarización de menores no Concello de Coristanco para o curso 2023-2024 co seguinte contido literal:

### “BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DE MENORES NO CONCELLO DE CORISTANCO CURSO 2023-2024

#### 1. OBXECTO.

É obxecto destas bases regular as axudas para a escolarización de menores do Concello de Coristanco, que consisten nunha subvención para aquelas familias que se atopen en condicións económicas e sociais desfavorables do termo municipal de Coristanco, para o curso escolar 2023-2024.

O gasto subvencionable consistirá na compra de:

- Libros escolares. Tratarase tanto de aqueles libros de texto destinados a estudo, como daqueles outros determinados como de lectura obrigatoria polos distintos centros de ensino radicados no termo municipal de Coristanco.
- Material escolar. Entenderase por material escolar todo aquel que, non se tratando do contido do apartado anterior, sexa necesario e imprescindible que os menores acheguen para o desenrolo habitual das clases.
- Roupas deportiva. Entenderase por roupa deportiva aquela destinada única e exclusivamente á práctica de exercicio físico, nomeadamente chándales, camisetas deportivas, pantalóns de deporte e calcetíns deportivos.
- Calzado deportivo. Entenderase por calzado deportivo aquel destinado única e exclusivamente á práctica de exercicio físico, nomeadamente tenis.

Queda **excluído**, polo tanto, todo aquel material, roupa ou calzado que non se axuste ao máis arriba recollido, nomeadamente roupa que non se poida cualificar indubidadamente como deportiva (vaqueiros, saias, roupa interior, etc), e calzado que non se poida cualificar indubidadamente como deportiva (zapatos, etc).

## 2. CRÉDITO ORZAMENTARIO

As presentes axudas concederanse ate o límite do crédito orzamentario previsto para este finalidade na aplicación 2023.326.48101 do orzamento municipal do exercicio 2022 prorrogado ao exercicio 2023, que ascende a 10.000,00 euros.

No caso de que a contía das achegas solicitadas supere o importe do antedito crédito orzamentario, ordearanse as solicitudes presentadas de menor a maior importe da suma total da Base Impoñible Xeral e Especial segundo o disposto na base 3 das presentes para o cálculo do límite de ingresos. Aboaranse as axudas por esa orde e ata o límite do crédito orzamentario.

## 3. BENEFICIARIOS/AS.

Poderán ser beneficiarios/as todos/as os/as escolares que durante o ano 2023-2024, cursen estudos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria nos Centros de Ensino Público no termo municipal de Coristanco, que formen parte de unidades familiares que se atopen incluídos en programas de intervención familiar dos Servizos Sociais municipais ou que, non estando inicialmente incluídos nestes programas, os ingresos das súas unidades familiares non superen as cantidades que se recollen na táboa da base terceira das presentes bases.

## 4. REQUISITOS.

- Que o/a menor estea empadroado no Concello de Coristanco.
- Non superar o límite de ingresos que se recolle na seguinte táboa.

Os ingresos calcularanse sumando a base impoñible xeral e especial da declaración da renda das persoas físicas do ano 2022 de todos os membros da unidade familiar.

NÚMERO MEMBROS UD FAMILIAR	INGRESOS
Familias de 2 membros	19.950,00 €
Familias de 3 membros	29.925,00 €
Familias de 4 membros	39.900,00 €
Familias de 5 membros	49.875,00 €
Familias de 6 membros	59.850,00 €
Familias de 7 membros	69.825,00 €
Familias de 8 ou máis membros	79.800,00 €

## 5. TRAMITACIÓN.

### a) Solicitudes:

As solicitudes faranse segundo o modelo oficial que figura como Anexo I destas bases e presentarase preferentemente de xeito telemático a través da Sede Electrónica municipal ([www.coristanco.gal](http://www.coristanco.gal)).

Neste caso será necesario cubrir o modelo de solicitude, imprimilo e xuntar a documentación requirida.

Farase unha solicitude individual por cada neno/a aínda que pertencen á mesma unidade familiar

### b) Documentación que achegar xunto á solicitude:

- \* Fotocopia do DNI do membro da familia que solicite en nome do alumno/a.
- \* Fotocopia do Libro de Familia.
- \* Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas correspondente ao exercicio 2022, ou xustificante de non tela presentada, cando en virtude da lexislación vixente non estea obrigado a facela. Neste caso ademais deberá achegar unha declaración xurada da totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar.
- \* De non autorizar a consulta, xustificante de empadramento.

### c) Prazo de presentación:

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles** a contar a partir do seguinte a publicación do extracto da convocatoria no BOP.

## 6. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

A efectos de valorar as solicitudes presentadas, teranse en conta os seguintes criterios:

- Considerarase unidade familiar a formada polos pais e fillos menores da dezoito anos, ou maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente.
- No caso de familias monoparentais, familias numerosas ou familias nas que algún membro da unidade familiar acredite ter recoñecida dependencia ou discapacidade igual ou superior ao 33%, e para os efectos do cálculo da renda anual á que se refire a base terceira destas bases, incrementarase en 1 o número real de membros da unidade familiar.
- A condición de familia monoparental acreditarase mediante certificado expedido pola Xunta de Galicia ou no caso de non ser posible por mor dalgún atraso na tramitación administrativa, será necesario presentar a documentación necesaria que evidencie estar en disposición de obtelo.
- Segundo o disposto nos artigos 38 a 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral de violencia de xénero na contorna familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

## 7. CONTÍA A RECIBIR.

As axudas a percibir por cada familia, consistirán nunha cantidade máxima total de 100 euros por familia e neno en idade escolar no curso 2023-2024 segundo o disposto na base 2 respecto dos beneficiarios da axuda, a cal pode ser concedida ao 100 % ou ao 50 % segundo o número de membros e ingresos computables da unidade familiar do xeito que se detalla a continuación:

\* Familias de 2 membros:

- Ata 10.830 €= 100 % axuda.
- De 10.830,01 € a 19.950= 50% axuda.

\* Familias de 3 membros:

- Ata 17.100 €= 100 % axuda.
- De 17.100,01 € a 29.925 €= 50 % axuda.

\*Familias de 4 membros:

- Ata 26.800 €= 100% axuda.
- De 26.800,01 € a 39.900 €= 50% axuda.

\*Familias 5 membros:

- Ata 28.500 €= 100 % axuda.
- De 28.500,01 € a 49.875 €= 50 % axuda.

\* Familias de 6 membros:

- Ata 34.200 €= 100% axuda.
- De 34.200,01 € a 59.850 = 50 % axuda.

\* Familias de 7 membros:

- Ata 39.900 € = 100 % axuda.
- De 39.900,01 € a 69.825 €=50 % axuda.

\* Familias de 8 ou máis membros

- Ata 45.600 €= 100 % axuda.
- De 45.600,01 € a 79.800 €= 50 % axuda.

Dado o carácter finalista das achegas contempladas nestas bases, en ningún caso o importe da achega concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/pola beneficiario/a en concepto de:

- Libros escolares. Tratarase tanto de aqueles destinados a estudo, como daqueles outros de lectura que se establezan como obrigatoria polos distintos centros de ensino radicados no termo municipal de Coristanco.

- Material escolar. Entenderase por material escolar todo aquel que, non se tratando de libros, sexa necesario que os menores acheguen para o desenrolo habitual das clases.
- Roupa deportiva. Entenderase por roupa deportiva aquela destinada única e exclusivamente á práctica de exercicio físico, nomeadamente chándales, camisetas deportivas, pantalóns de deporte e calcetíns deportivos.
- Calzado deportivo. Entenderase por calzado deportivo aquel destinado única e exclusivamente á práctica de exercicio físico, nomeadamente tenis.

En consecuencia, o beneficiario deberá achegar facturas do gasto efectivamente realizado nestes conceptos e por un importe igual ou superior ao da achega concedida.

#### 8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán valoradas, polo departamento de Servizos Sociais Municipais deste concello, a totalidade das solicitudes efectuadas.

Unha vez efectuado o exame, estes mesmos Servizos sociais emitirán un informe con proposta de concesión/denegación da subvención a cada un dos interesados, así como co importe correspondente, do que se dará traslado ao órgano competente para a súa aprobación.

Segundo se deriva dos artigos 23 e 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local, a alcaldía pode delegar atribucións propias para que sexan asumidas pola Xunta de Goberno Local; e así se acordou no Decreto nº 679/2023 de data 21/09/2023 no que se lle atribuíu a competencia para a concesión de subvencións, axudas e becas outorgadas polo concello en réxime de concorrencia competitiva á Xunta de Goberno Local (BOP nº 129 de data 07/07/2023), polo tanto será este o órgano competente para tal concesión.

Unha vez concedidas as achegas notificaranse aos beneficiarios para que, no prazo máximo dun **mes desde a data da recepción da notificación** (que se fará a través da modalidade de **publicación na Sede electrónica municipal**), acheguen ao Concello a aceptación da subvención e as facturas orixinais do gasto efectivamente realizado naqueles bens subvencionados (isto é: Libros; Material escolar; Roupa deportiva; ou Calzado deportivo) por un importe igual ou superior ao 100 % da achega concedida.

A xustificación do gasto deberá achegarse a través de **facturas**, sen que se poidan admitir como elementos de xustificación os tickets de compra ou as chamadas facturas simplificadas.

O documento xustificativo deberá conter os requisitos establecidos a este efecto polo Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, isto é:

- Número e, no seu caso, serie de factura.
- Data de expedición da factura.
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- NIF do obrigado e expedir a factura.
- Domicilio, tanto do obrigado a expedir a factura como do destinatario das operacións.
- Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva, importe, prezo unitario sen impostos, así como descontos ou rebaixas non incluídos no prezo unitario
- Tipo impositivo aplicado ás operacións.
- Data na que se efectuaron as operacións que se documentan.

Debido á finalidade desta axuda, nas facturas nas que se recolla gasto en libros de texto, farase constar o curso ao que pertence o título.

Debido á finalidade desta axuda, nas facturas nas que se recolla gasto en roupa deportiva, farase constar a prensa á que se refire, así como a tallaxe da mesma, co fin de comprobar que se trata de gasto que efectivamente cumpre a condición de subvencionable e que foi adquirida para o uso dos menores.

Debido á finalidade desta axuda, nas facturas nas que se recolla gasto en calzado deportivo, farase constar a prenda á que se refire, así como a tallaxe da mesma, co fin de comprobar que se trata de gasto que efectivamente cumpre a condición de subvencionable e que foi adquirida para o uso dos menores.

As facturas xustificativas poderán corresponderse con **gastos realizados desde o 1 de agosto do 2023 ate a data máxima de xustificación das achegas** segundo o disposto no parágrafo anterior.

No prazo máximo dun mes desde a recepción desta documentación, e unha vez completos os expedientes, darase traslado de todas as solicitudes á Intervención Municipal para a súa fiscalización e posterior pagamento das achegas aos beneficiarios.

#### 9. INCUMPRIMENTO E REINTEGRO DAS ACHEGAS.

De conformidade co disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da achega ate a data que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o terían impedido.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia e no caso das normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
- e) Resistencia, excusa, obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas en los artículos 11 y 12 da Lei 9/2007.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios.
- h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da UE, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos contemplados na normativa reguladora da subvención.

#### 10 . DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Para todas as cuestións non previstas nas presentes bases será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento.

#### ANEXO I

#### SOLICITUDE AXUDAS ESCOLARIZACIÓN MENORES CONCELLO CORISTANCO CURSO 2023-2024

DATOS DO INTERESADO:	
NOME:	
APELIDOS:	
DNI/NIE:	
DIRECCION POSTAL:	
C.P.:	LOCALIDADE:
PROVINCIA:	
TELEFONO FIXO/TELÉFONO MÓBIL:	
CORREO ELECTRONICO:	
COMUNICACIÓN ORDINARIA (CORREO POSTAL) (1)	COMUNICACIÓN TELEMÁTICA (CORREO ELECTRÓNICO HABILITADO) (2)

DATOS DO/DA REPRESENTANTE/ TUTOR:	
NOME:	
APELIDOS:	
DNI/NIE:	
DIRECCION POSTAL:	
C.P.:	LOCALIDADE:
PROVINCIA:	
TELEFONO FIXO/TELÉFONO MÓBIL:	
CORREO ELECTRONICO:	
COMUNICACIÓN ORDINARIA (CORREO POSTAL) (1)	COMUNICACIÓN TELEMÁTICA (CORREO ELECTRÓNICO HABILITADO) (2)

(1) Se o interesado ou o seu representante no fai unha escolla expresa do tipo de comunicación que prefere manter coa Administración, entenderase que escolle a ordinaria por correo postal.

(2) En caso de escoller que a Administración se comunique co interesado ou co seu representante a través das vías telemáticas, terá que facilitar un correo electrónico habilitado (precisará de DNI ou CIF electrónico para recibir as comunicación).

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA COA SOLICITUDE

- Fotocopia do DNI do membro da familia que solicite en nome do alumno/a.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas correspondente ao exercicio 2022, ou xustificante de non tela presentado por non ser obrigatorio. Neste último caso, declaración xurada da totalidade dos ingresos da unidade familiar no exercicio 2022.
- De non autorizar a consulta, certificado de empadramento.
- Certificado de conta a nome do tutor/representante do menor onde percibir o ingreso da achega.

#### AUTORIZO AO CONCELLO DE CORISTANCO PARA CONSULTAR:

- Datos relativos a unidade familiar. SI - NON.

Coristanco, de de .

Sinatura do representante legal.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia aos efectos da súa publicidade e inicio do cómputo do prazo para a presentación de instancias.

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución na Sede municipal do Concello para público coñecemento.

CUARTO.- Dar publicidade da presente Resolución nas RRSS e a través da plataforma Abalar da Consellería de Educación da Xunta de Galicia aos meros efectos de conseguir unha maior difusión do contido da Resolución.”

E co fin de cumprir co acordado, remítese este anuncio ao Boletín Oficial da Provincial da Coruña para a súa publicación e o inicio do cómputo do prazo para a presentación de instancias.

Coristanco, 14 de setembro de 2023

O alcalde

D. Juan Carlos García Pose

2023/7395